

INFORME DE RESULTADOS

Enquisas de avaliación do

ITINERARIO FORMATIVO

virtual de xénero (5.^a edición)

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo

ÍNDICE

1. **Introdución**
2. **Datos de participación no itinerario formativo virtual en xénero**
 - a. Sexo das persoas participantes
 - b. Vinculación coa universidade
3. **Valoración de diversos aspectos do Itinerario**
 - a. Duración das actividades formativas
 - b. Avaliación da utilidade da actividade
 - c. Grao en que cumpriu as expectativas
4. **Valoración da estrutura do curso MOOC e da plataforma OpenEdX**
 - a. Valoración da estrutura do MOOC
 - b. Valoración da Plataforma OpenEdX.
5. **Cualificación xeral do itinerario**
6. **Conclusións finais e respostas abertas**

1. Introducción

O Itinerario Formativo Virtual en Xénero é xa unha acción consolidada e de calidade que ofrece formación con perspectiva de xénero en diferentes ámbitos de coñecemento. Os cursos que o compoñen están deseñados e impartidos por profesionais con experiencia e formación especializada en xénero. Esta proposta está impulsada e organizada pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo co apoio financeiro da Secretaría Xeral de Igualdade, a través dos fondos do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero.

A quinta edición do Itinerario Formativo Virtual en Xénero desenvolveuse entre o 20 de setembro e o 22 de novembro do 2021 cunha oferta de 18 cursos dispoñibles en formato virtual. O Itinerario ofreceuse como un recurso para a comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

Nesta convocatoria, aos cursos xa dispoñibles, sumouse o MOOC Intelixencia Artificial e xénero deseñado e impartido por Amparo Alonso Betanzos, catedrática de Intelixencia Artificial na Universidade da Coruña, presidenta da Asociación Española de Intelixencia Artificial (AEPIA) e coordinadora do grupo de investigación LIDIA (Laboratorio de I+D en Intelixencia Artificial) da Facultade de Informática da Udc.

Ademais, como novidade, nesta edición, recompilamos e ofrecemos en acceso libre os materiais de todos os cursos en catro volumes dispoñibles no apartado [Recursos](#) da web do Itinerario.



Volume 1

Introdución á perspectiva de xénero

Normativa básica de xénero

Educación afectivo-sexual

Economía de xénero



Volume 2

O acoso sexual e o acoso en función do sexo: unha xustiza invisible

A comunicación e o xénero

A perspectiva de xénero na educación

A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabilidade

O xénero e o sexo no século XXI



Volume 3

Dimesión de xénero nos proxectos de I+D+i das TIC

Mulleres e Ciencia

A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e a innovación

Intelixencia artificial e xénero



Volume 4

Políticas públicas de igualdade

Novas masculinidades

Pornografía

A prostitución no marco do capitalismo neoliberal

Pensar o amor no século XXI

2. Datos de participación no itinerario formativo virtual en xénero

Cómpre destacar como nesta edición volveron a **aumentar as inscricións** e, por tanto, o número de persoas que remataron as diferentes formacións. Este dato confirma o interese formativo en igualdade de xénero e feminismos, igual que se recolle noutras consultas e estudos feitos desde a Unidade de Igualdade. Tamén valoramos estes datos como un resultado do esforzo comunicativo que se fixo desde o equipo do Itinerario que influíu positivamente no éxito desta convocatoria.

Ademais é importante sinalar, como nas anteriores edicións, as numerosas consultas de persoas alleas á comunidade universitaria que contactaron con nós para solicitar información sobre futuras convocatorias en aberto.

En total, houbo **903 solicitudes de inscrición**. Un dato moi destacado se temos en conta que as formacións só eran accesibles para persoas da comunidade universitaria da UVigo e que esta é a quinta edición do Itinerario. Nesta ocasión todos os MOOC tiveron persoas inscritas en número bastante similar.

Repetiuse a tendencia, habitual nas formacións masivas en liña e nas anteriores convocatorias, de que non todas as persoas inscritas remataron as formacións. Os datos, oscilan entre o 31,70 % e o 66,66 %. Mais, a pesar disto, **435** cursos foron rematados con éxito, completando todos os apartados e superando as probas previstas para obter o certificado de aproveitamento no prazo marcado.

A continuación presentamos os datos, por curso, indicando o número de persoas inscritas, o número de cursos rematados e a porcentaxe de eficiencia terminal por cada MOOC e en total.


Esta información tamén nos permite observar un interese semellante en todas as temáticas ofertadas. Destaca, lixeiramente, o curso introdutorio que recomendamos facer para aquelas persoas que non teñan formación previa en xénero, Introducción á perspectiva de xénero. Neste caso non só é no que máis persoas se inscribiron senón tamén o que máis persoas remataron a pesar de que ten unha duración maior que o resto (40 h fronte ás 15 h do resto de MOOC do Itinerario).

Introdución á perspectiva de xénero	66	44	66,66 %
Normativa básica de género	44	20	45,45 %
Educación afectivo-sexual	62	29	46,77 %
Economía de xénero	40	13	32,5 %
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	36	14	38,88 %
La comunicación y el género	59	29	49,15 %
A perspectiva de xénero na educación	62	30	48,38 %
La sostenibilidad de la vida en el centro. Conciliación y corresponsabilidad	26	9	34,61 %
O xénero e o sexo no século XXI	44	21	47,72 %
Dimensión de xénero nos proxectos de I+D+i das TIC	41	13	31,70 %
Mulleres e ciencia	38	21	55,26 %
La inclusión de la perspectiva y el análisis de género/sexo en la investigación y la innovación	48	25	52,08 %
Políticas públicas de igualdade	57	35	61,40 %
Novas masculinidades	49	23	46,93 %
Pensar o amor no século XXI	51	21	41,17 %
Pornografía	60	30	50,00 %
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	60	26	43,33 %
Intelixencia artificial e xénero	60	32	53,33 %
Total	903	435	48,17 %

O **48,17 %** do total das solicitudes de inscrición completaron as formacións polo que consideramos que o Itinerario está a ser unha acción efectiva para responder ás necesidades formativas da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

a. Sexo das persoas participantes

O 88,50 % dos cursos rematados foron feitos por mulleres, o 10,57 % a homes e o 0,91 % por persoas que non se identifican non ningunha destas categorías.



Recollemos os datos desagregados das persoas que remataron as diferentes accións formativas.

Introdución á perspectiva de xénero	37	6	1
Normativa básica de género	17	3	0
Educación afectivo-sexual	28	1	0
Economía de xénero	12	1	0
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	13	1	1
La comunicación y el género	25	3	1
A perspectiva de xénero na educación	25	5	0
La sostenibilidad de la vida en el centro. Conciliación y corresponsabilidad	8	1	0
O xénero e o sexo no século XXI	19	2	0
Dimensión de xénero nos proxectos de I+D+i das TIC	9	4	0
Mulleres e ciencia	19	2	0
La inclusión de la perspectiva y el análisis de género/sexo en la investigación y la innovación	20	5	0

Políticas públicas de igualdade	28	6	1
Novas masculinidades	22	1	0
Pensar o amor no século XXI	20	1	0
Pornografía	29	1	0
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	25	1	0
Intelixencia artificial e Xénero	29	3	0
Total	385	46	4

É un feito habitual que a participación na formación en xénero e o interese por estas cuestións sexan maioritariamente femininos. Tendo en conta as esixencias cada vez maiores de formación en xénero - xa incorporada como un factor a considerar nos criterios de elixibilidade establecidos polo Horizonte Europa-, parécenos que esta posibilidade de iniciarse na formación con perspectiva de xénero, cun ritmo flexible e contidos variados é un recurso moi útil que debería ser atractivo para calquera persoa da comunidade universitaria e para mellorar as capacidades profesionais e avanzar cara a excelencia.


b. Vinculación coa universidade

Se analizamos a vinculación coa Universidade de Vigo, a participación do alumnado é a máis abundante, o **72,87 %** do total. Este dato é representativo do estudantado, xa que é o colectivo máis numeroso da comunidade universitaria mais tamén queremos destacar o interese formativo nestas cuestións de alumnas e alumnos, como xa se ten recollido en informes anteriores da Unidade de Igualdade. Ademais as alumnas son o grupo maioritario cun **65,74 %** do total de cursos rematados e os alumnos só o 7,12 %.

O seguinte grupo sería o do PDI que supón o 21,60 % do total. Aínda que os homes do PDI son apenas un 2,75 % do total.

O persoal de administración e servizos é só un 3,67 % do total, triplicando as mulleres aos homes que completaron cursos nesta edición. No total as mulleres do PAS son o 2,75 % e os homes o 0,91 %.

As persoas que indicaron outra vinculación coa UVigo, sen especificar cal, son o 1,14 % do total e a única categoría onde tres das matrículas son de persoas que non se identifican coas categorías de muller nin de home.



PDI	PAS	Alumnado	Outra vinculación
82 mulleres	12 mulleres	286 mulleres	2 mulleres
12 homes	4 homes	31 homes	-
-	-	-	3 persoas
94	16	317	5

Na seguinte táboa pódense observar os datos de vinculación coa Universidade de Vigo desagregados por sexo de cada un dos cursos desta edición do Itinerario.

	PDI			PAS			Alum.			Outra		
Introdución á perspectiva de xénero	12			4			27			1		
	9	3		3	1		25	2				1
Normativa básica de género	4			4			12			-		
	3	1		3	1		11	1				
Educación afectivo-sexual	3			1			24			1		
	3			1			23	1		1		

Economía de xénero	-			-			12			1			
							11	1			1		
O acoso sexual e o acoso en función do sexo (...)	-			-			14			-			
							13	1					
La comunicación y el género	3			2			23			1			
	3			2			20	3			1		
A perspectiva de xénero na educación	6			-			24			-			
	1	5						24					
La sostenibilidad de la vida en el centro. Conciliación y corresp.	2			-			7			-			
	2						6	1					
O xénero e o sexo no século XXI	1			-			20			-			
	1						18	2					
Dimensión de xénero nos proxectos de I+D+i das TIC	6			-			7			-			
	4	2						5	2				
Mulleres e ciencia	5			1			15			-			
	5			1			13	2					
La inclusión de la persp. y el análisis de género/sexo en la invest...	9			1			15			-			
	9			1			10	5					
Políticas públicas de igualdade	8			3			22			1			
	8			1	2			19	4			1	
Novas masculinidades	5			-			18			-			
	5						17	1					
Pensar o amor no século XXI	3			-			18			-			
	3						17	1					
Pornografía	9			1			20			-			
	9			1			19	1					
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	5			-			21			-			
	5						20	1					
Intelixencia artificial e xénero	13			1			18			-			
	12	1			1			16	2				

3. Valoración de diversos aspectos do Itinerario

A valoración do Itinerario por parte das persoas participantes foi recollida nunha enquisa final, que era necesario cumprimentar para poder completar cada MOOC e obter o certificado de aproveitamento do curso.

Neste cuestionario debían responder sobre diferentes aspectos da organización e xestión dos cursos como a duración, a utilidade, se a formación cumprira as súas expectativas iniciais, a súa impresión sobre o deseño do MOOC, o funcionamento da plataforma e, por último, a impresión xeral.

As respostas ían nunha escala de cinco categorías, entre moi ben e moi mal en cada un dos ítems. No cadro presentamos os resultados obtidos en cada unha destas categorías nas seis preguntas formuladas.

	Moi ben	Ben	Regular	Mal	Moi mal
Duración da actividade	204	208	19	3	1
Utilidade do curso	234	175	18	4	4
Grao en que cumpriu as súas expectativas	223	172	28	9	3
O curso está deseñado para a docencia en liña autónoma (tipo MOOC). Pareceche correcta a súa estrutura?	236	184	14	1	0
O curso desenvolveuse na plataforma OpenEdx. Como a calificarías?	234	194	6	1	0
En conxunto, como cualificarías o curso?	234	176	21	3	1

Como se pode observar os datos das valoracións son moi parellos xa que moitas das persoas realizaron varias accións formativas e as súas impresións vense replicadas nas enquisas de cada un dos cursos que completaron, salvo algún aspecto puntual.

a. Duración das actividades formativas

Moi ben	204	46,89 %
Ben	208	47,81 %
Regular	19	4,36 %
Mal	3	0,68 %
Moi mal	1	0,22 %

O 47,81 % indica que lle parece ben a duración dos cursos –lembremos que, a excepción do curso introdutorio de 40 h todas as accións teñen unha duración estimada e certificada de 15 h. Se xuntamos este dato ao 46,89 da porcentaxe das persoas que a cualificaron como moi ben suman un 94,7 % de valoracións positivas, 412 das 435 puntuacións.

Así, aínda que é a única das preguntas nas que a valoración máis alta non é a predominante por unha lixeira diferenza, os resultados seguen a ser a avalar a duración do Itinerario tanto nas horas de realización previstas como no tempo en que está dispoñible o Itinerario.

b. Avaliación da utilidade da actividade

Moi ben	234	53,79 %
Ben	172	40,22 %
Regular	18	4,13 %
Mal	4	0,91 %
Moi mal	4	0,91 %

Na percepción da utilidade das diferentes accións formativas os resultados son aínda mellores. Neste caso 234 outórganlle o valor máis alto, é dicir, o 53,79 % das valoracións.

Este aspecto é moi significativo porque nos permite comprobar que se cumpre un dos obxectivos iniciais do Itinerario que era complementar a formación da comunidade universitaria e suplir os nesgos de xénero que aínda se perpetúan nos diferentes ámbitos de coñecemento.

c. Grao en que cumpriu as expectativas

Moi ben	223	53,79 %
Ben	172	40,22 %
Regular	28	4,13 %
Mal	9	2,06 %
Moi mal	3	0,68 %

Este é o aspecto que ten máis valoracións negativas de todas as incluídas na enquisa. Un 2,74 % indica nas súas respostas que a formación non cumpriu coas súas expectativas iniciais e un 4,13 % que non o fixo de forma satisfactoria. Isto fainos pensar en que debemos traballar para mellorar a información das accións formativas para evitar posibles distorsións e tamén en indagar máis nestes aspectos para poder ter unha información máis precisa que nos permita abordar esta cuestión en futuras edicións.

Aínda así, a valoración é moi positiva e máis da metade das persoas, o 53,79 %, sinalan que os cursos cumpriron «moi ben» as súas expectativas e un 40,22 % «ben». Por tanto, ao igual que no resto de aspectos do Itinerario, hai un amplísimo consenso en avaliar moi positivamente esta acción formativa.

4. Valoración da estrutura do curso MOOC e da plataforma OpenEdX

a. Valoración da estrutura do MOOC

Moi ben	236	54,25 %
Ben	184	42,29 %
Regular	14	3,21 %
Mal	1	0,22 %
Moi mal	0	0 %

Este é o aspecto deste apartado mellor valorado. O 54,25 % das respostas cualifican a estrutura coa puntuación máis alta.

Entendemos que no momento sociosanitario que vivimos estas alternativas formativas atenden ás necesidades e intereses formativas ao tempo que ofrecen unha forma de aprendizaxe segura e flexible que é moi apreciada polas persoas participantes.

Nas valoracións cualitativas tamén recolleemos respostas abertas que nos achegan fórmulas para mellorar o dinamismo e a organización dos cursos que trataremos, na medida do posible, de incorporar ás novas propostas.

b. Valoración da Plataforma OpenEdX

Moi ben	234	53,79 %
Ben	194	44,59 %
Regular	6	1,37 %
Mal	1	0,22 %
Moi mal	0	0 %

Desde o seu inicio o Itinerario desenvólvese na plataforma OpenEdx polo que unha das preguntas que recolleemos nos cuestionarios é a súa valoración.

As respostas son moi favorables ao uso desta plataforma e, ao igual que na estrutura dos MOOC, ningunha persoa as sinala coa puntuación máis baixa. Con todo, ao igual que no resto de ítems, teremos en conta as respostas menos favorables para seguir tratando de mellorar o Itinerario Formativo Virtual en Xénero.

5. Cualificación xeral do itinerario

Moi ben	234	53,79 %
Ben	176	40,45 %
Regular	21	4,82 %
Mal	3	0,68 %
Moi mal	1	0,22 %

Coa información anterior e os datos desta última cuestión, a cualificación xeral do Itinerario, podemos afirmar de xeito contundente a ampla e positiva consideración e receptividade desta acción. O Itinerario Formativo Virtual en Xénero está xa consolidado como unha oferta formativa especializada, de calidade, ampla, diversa e de interese.

Un amplo 94, 24 % de respostas sinalan a cualificación xeral do Itinerario como «moi ben» ou «ben», sendo de novo a resposta maioritaria a cualificación máis alta cun 53,79 % do total.

6. Conclusións finais e respostas abertas

Desde a Unidade de Igualdade, como responsables desta actividade, facemos un balance moi positivo. Destacamos o incremento de solicitudes de inscrición, a porcentaxe de persoas que rematan as accións formativas e por tanto que adquiren capacidades formativas en igualdade de xénero en ámbitos formativos diversos. Mais tamén, cualitativamente, temos que recoñecer a boa acollida desta oferta e as boas valoracións do Itinerario. De xeito informal, sabemos que son moitas as persoas que están a completar diferentes cursos ao longo das distintas edicións e mesmo hai quen nos indica a súa vontade de completar toda a oferta formativa.

Tamén debemos sinalar o alto interese desta acción formativa que suple unha carencia formativa e así o demostran as solicitudes de exalumnado da UVigo e tamén de persoas alleas á comunidade universitaria para poder acceder e para consultar a posibilidade dunha futura edición en aberto.

Aínda así, para mellorar, tamén temos a responsabilidade de recoller e atender as valoracións menos favorables e valorar como incorporar as achegas e suxestións que nos presentan as persoas participantes.

Repítense algunhas cuestións relacionadas con aspectos máis técnicos ou organizativos como son a dinamización do foro ou establecer algunha posibilidade de contacto máis vivencial coas e co docente do Itinerario. En anteriores edicións pedíase a posibilidade de poder descargar os materias e xa incorporamos esta opción recompilando todos os contidos en catro volumes en acceso libre, tal e como se recollía na introdución da memoria.

Mantivemos a posibilidade de comunicar as incidencias técnicas a través dunha caixa de correo directa co equipo do Itinerario Formativo Virtual en Xénero e todas as consultas foron atendidas de forma prioritaria e, cando foi preciso, remitidas ao soporte técnico. Tamén se atenderon consultas por outras canles como a Unidade de Igualdade, as redes sociais ou mesmo outros servizos ou centros colaboradores da UVigo.

Nas respostas abertas atopamos comentarios sobre os cursos concretos, sobre o Itinerario en xeral e o seu interese e necesidade para completar a formación académica e habilitarse profesionalmente de forma máis completa. Tamén atopamos referencias a docentes, valorando a súa forma de abordar o curso. É habitual, entre os comentarios escritos que se solicite maior profundidade nos temas tratados e continuación dos cursos.

Paréceme unha formación súper interesante, pero gustaríame que abordara máis, pero en xeral moi ben.

Contidos actualizados, moi resumidos para chegar a un amplo público sen caer en excesivos tecnicismos, vai moi o grano. De gran utilidade e desexando que máis profesionais se animen a facelo.

Porque estudo traballo social e non hai *asignaturas* sobre isto e paréceme demasiado importante.

sobre todo, ponerle cara a la docente, ha sido espectacular sentir su pasión por el tema

Encantoume novamente este curso, igual que todos os realizados. Un tema moi interesante, fantástico.

Se nota en el contenido las diversas aportaciones de las diferentes disciplinas de cada profesional

Axuda a comprender a magnitude das políticas en materia de igualdade da democracia o tempo que nos permite tomar conciencia da necesidade de incorporar estas políticas

Me ayuda a implementar futuras propuestas de Inteligencia Artificial en la etapa de Educación Primaria

Los contenidos clarifican cuestiones importantes y resultan muy actuales, son relevantes.

Sen dúbida quedo con ganas dese necesario posgrao do que fala Lires no video.

Tamén se habilita un apartado para que as persoas que completan algún dos cursos do Itinerario poidan facer achegas sobre temas que lles parezan de interese para incorporar en novas accións formativas.

- Introducir na formación a perspectiva do feminismo na carreira profesional universitaria e abordar a evolución do feminismo en Galicia
- A coeducación. Programación e modelos.
- Linguaxe inclusiva. Linguaxe sexista e sexualidade aplicado a aspectos didácticos
- teletraballo na pandemia sobre horas non remuneradas, fenda xénero ...etc
- Interseccionalidade, Teoría feminista
- Detección de abusos en espazos educativos formais e non formais
- Métodos para afrontar o acoso sexual
- Papel de la mujer en el desarrollo de la enfermería como ciencia
- Hablar de por qué en género es violencia hacia las mujeres. Critica de las corrientes posmodernas que pretenden hacer de la opresión de las mujeres una identidad.
- Investigación +D+I en el ámbito socioeducativo
- Biólogas, xeólogas, físicas e químicas
- Curso con ferramentas o estrategias para poner en práctica la perspectiva de género en investigación e innovación.
- Ejemplos más concretos de posibles proyectos de I+D con enfoque de género-título y abstract
- Sexualidades diversas.
- Analise de datos da aplicación práctica das distintas Leis
- Políticas públicas no eido educativo
- Unidades didácticas
- Novas masculinidades
- Publicidad e sexualidad, erotización de objetos, erotización de las niñas
- Porn by women, porno no heterosexual, uso del porno por parte de las mujeres.
- A historia da prostitución. Tamén recursos ou accións para combatela
- Propoño a Carmen Armada profesora de filosofía da Uvigo para temática da filosofía con perspectiva feminista
- Prostitución y nuevas redes sociales, prostitución y series y películas, prostitución y aprendizaje sexual
- Trata: Silvia Pérez Freire

